

Cruceiro

050102

Datos de Localización

Cruceiro

Nomenclator: 3207703
Coord. UTM: X: 60303883
Y: 466332678
Concello: Sandiás
Parroquia: SANDIÁS
Lugar: Sandiás
Tipoloxía: Arquitectura Relixiosa
Tipo: Cruceiros
Subtipo: Cruceiro



Denominación: Cruceiro
Etaapa Histórica: Idade Moderna
Estilo relevante Barroco

Outros Estilos:

Descrición:

A uns cen metros da fachada da igrexa de Santo Estevo érguese fronte a fronte este esbelto cruceiro que xorde paralelo á feitura da torre que enmarca dita fachada.

Consta o monumento de feitura barroca de gradas de pouca altura contrapostas ó estilizado pedestal cúbico que suxeita o varal liso de sección circular rematado por varias molduras en bocel das que xorde o capitel composto, conformado por un ábaco de carnosas follas de acanto dispostas en dúas ringleiras e de maior tamaño en altura, é dicir, as follas superiores presentan maiores dimensións para adaptarse á feitura sobresaínte do xogo de volutas coroado por unha moldura poligonal de catro extremos, coincidindo cada voluta con cadanseu saínte da moldura e conformando esta un espazo en forma de media lúa, resolto co rostro dun querubín alado en cadansúa cara.

O cruceiro remátase con unha cruz que porta as imaxes de Cristo, na parte enfrontada cara á fachada da igrexa. Trátase dunha figura a medio camiño entre o Cristo triunfante, coroado e un Cristo doloroso. No reverso a imaxe da Virxe María, algo encorvada, co manto envolto a modo de caparazón, acobillando o corpo, arroupado por unha túnica de cuíos pregues pode verse na parte inferior da figura, apoiada sobre a cabeza doutro querubín de maior realismo que os precedentes. O rostro móstrase sereo en contraposición á súa dor, evidenciada nas espadas cravadas no corazón. No pedestal existe unha inscrición en letras capitais de moi difícil lectura polo degradado da mesma.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: ER-3

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interés Cultural con arranxo ó Decreto 571 / 1963 do Ministerio de Educación Nacional.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Devocional

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles







